



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 34)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trinta de outubro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E TRES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e tres de outubro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO DE ILUMINACIÓN CON TECNOLOXÍA LED PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ILUMIN@”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20 de outubro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV6RQGAZFAXYTHFDDREGE4IHN4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV6R6DPL3BX6T75Y65YDKUBOOI.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV6RS2KKHIUDVXU16VY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV6RYTJYP4JIVTX447XW45DOCE.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV6RYTJZBE765HRSU4MREEH7CM.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IVGRYTI4BD5MTWWI6AVCENCHAL.

Proposta de Presidencia, con CSV:IV6RYTPKBE7J5OEZ6REVGHQ4Q.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 11 de decembro do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV6RYXPJ3QZ4IWVJAZNR4NZEP4.

O día 12.12.2019 enviouse o anuncio ao DOUE para proceder a publicación do anuncio de Licitación o día 20 de decembro de 2019, no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 17 de febreiro de 2020, deuse conta dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento e á apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios non avaliábeis automaticamente (sobre B), con CSV: IV66QOPNPLUYJO55S4EGGNRAHY na que se recolle o seguinte:

“Tendo en conta que o resto dos licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procédese á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa).

A empresa Grupo Mariño, Obras y Servicios, S.L., concorrente aos lotes I,II e III, non presenta o Anexo I de carácter obrigatorio, e xunta o Anexo II, modelo DEUC, que ten carácter opcional e non obrigatorio, polo que a mesa de contratación acorda requerir á empresa Grupo Mariño, Obras y Servicios, S.L., a subsanación do Anexo I para que o presente no prazo máximo de 3 días hábiles a contar a partir de que reciba o requirimento de subsanación.

A mesa de contratación acorda admitir as seguintes propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Empresa	Admisión / Exclusión	en Plataforma	Motivo
CYME SANTOS HECTOR SL	Admitido : 3 Adm. Prov.: Excluído :	Si	Lote 3: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../
GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS SL	Admitido : 1, 2, 3... Adm. Prov.: Excluído :	Si	Lote 1: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 2: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 3: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../
HALLMANN ENERGIE, S.L.	Admitido : 1, 2 Adm. Prov.: Excluído :	Si	Lote 1: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 2: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../
JOSÉ ÁNGEL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	Admitido : 2 Adm. Prov.: Excluído :	Si	Lote 2: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../
MANUEL NOVOA CASTRO	Admitido : 1, 2, 3... Adm. Prov.: Excluído :	Si	Lote 1: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 2: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 3: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../
NITLUX, S.A.	Admitido : 1 Adm. Prov.: Excluído :	Si	Lote 1: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../
REBOBEN GONZALEZ S.L.	Admitido : 1, 2, 3... Adm. Prov.: Excluído :	Si	Lote 1: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 2: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 3: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../
SETGA, S.L.U	Admitido : 1, 2, 3... Adm. Prov.: Excluído :	Si	Lote 1: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 2: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 3: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../
TELEGRADO, S.L	Admitido : 1, 2, 3... Adm. Prov.: Excluído :	Si	Lote 1: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 2: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../ Lote 3: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L.	Admitido : 3 Adm. Prov.: Excluído :	Si	Lote 3: * Capacidad de Obrar-Capacidad de obr.../

Acto seguido procedeu-se á apertura da documentación contida no Sobres “B” dos Lotes 1, 2 e 3, resultando que todas as empresas presentan as ofertas técnicas.

Infórmase aos integrantes da Mesa de Contratación que a valoración das ofertas técnicas quedarán adiadas ata que se formalice o contrato do “Servizo de asistencia técnica ao responsable do contrato da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@”, xa que ten carácter complementario respecto do contrato principal, “Subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@”, polo que o encargado da valoración/adecuación destas ofertas, será o adxudicatario do lote correspondente do contrato de asistencia técnica .De todos os xeitos, o informe que elabore a empresa adxudicataria en relación ás ofertas técnicas, deberá ser conformado polo responsable da presente contratación.”

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 22 de xuño do 2020, con CSV: IV677WZ3NZOKVGP6ZXWEEM7PI4, na que se da conta dos informes emitidos polo servizo de Innovación e Participación Cidadá, en relación aso criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, sendo as puntuacións totais as seguintes:

Puntuacións totais dos criterios non avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Zona norte Lote 1: (14 Concellos):

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
GRUPO MARIÑO. OBRAS Y SERVICIOS. S.L.	13.5
HALLMAN ENERGIE. S.L.	15
MANUEI. NOVOA CASTRO	11.5
NITI.IIX. S.A.	15
REBOBEN GONZALEZ. S.L.	11
SETGA. S.L.U.	13.5
TELEGRADO. S.L.	13.5

Zona centro Lote 2: (12 Concellos):

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
GRUPO MARIÑO. OBRAS Y SERVICIOS. S.L.	13.5
HALLMAN ENERGIE. S.L.	15
JOSE ÁNGEL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ.	5
MANUEL NOVOA CASTRO	11.5
REBOBEN GONZALEZ. S.L.	11
SETGA. S.L.U.	13.5
TELEGRADO. S.L.	13.5

Zona sur Lote 3: (12 Concellos):

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
CYME SANTOS HECTOR. S.L.	13.5
GRUPO MARIÑO. OBRAS Y SERVICIOS. S.L.	13.5
MANUEL NOVOA CASTRO	11.5
REBOBEN GONZALEZ. S.L.	11
SETGA. S.L.U.	13.5
TELEGRADO. S.L.	13.5
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS.S.L.	13.5

Acto seguido procedeuase á apertura da documentación contida no Sobres “C” dos Lote 1, 2 e 3, cos seguintes resultados:

Resultados das oferta presentadas: criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Zona norte Lote 1: (14 Concellos):

LICITADORES	Oferta económica (CON IVE)	%Bolsa de compoñente a coste O	Ampliación do prazo de garantía das luminarias (sendo o mínimo de 5 anos)	Programación de luminarias en 5 escalóns	Fomento contratación indefinida.(Anexo V)
GRUPO MARIÑO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	218.284	15%	5	SI	51,72 %
HALLMAN ENERGIE, S.L.	233.251,70	15%	5	SI	93,75%
MANUEL NOVOA CASTRO	174.011,43	15%	5	SI	100%
NITLUX, S.A.	224.062,06	15%	5	SI	80,4%
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	194.841,48	10%	5	SI	5%
SETGA, S.L.U.	249.538,30	5,5%	5	SI	66%
TELEGRADO, S.L.	227.783,77	15%	5	SI	70%

Zona centro Lote 2: (12 Concellos):

LICITADORES	Oferta económica (CON IVE)	%Bolsa de componente a coste O	Ampliación do prazo de garantía das luminarias (sendo o mínimo de 5 anos)	Programación de luminarias en 5 escalóns	Fomento contratación indefinida. (Anexo V)
GRUPO MARIÑO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	170.126	15%	5	SI	51,72%
HALLMAN ENERGIE, S.L.	186.085,90	15%	5	SI	93,75%
JOSE ÁNGEL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ**	142.919,15	15%	5	SI	100%
MANUEL NOVOA CASTRO	144.524,53	15%	5	SI	100%
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	150.032,34	10%	5	SI	5%
SETGA, S.L.U.	213.044,70	5,5%	5	SI	66%
TELEGRADO, S.L.	185.736,51	15%	5	SI	70%

**Na oferta presentada por José Ángel Fernández aparece o certificado dixital revogado en data 22.06.2020, polo que se vai a proceder a facer a consulta á Plataforma de Contratos do Sector Público para que nos informen da data de efecto de dita revogación.

Zona sur Lote 3: (12 Concellos):

LICITADORES	Oferta económica	%Bolsa de componente a coste O	Ampliación do prazo de garantía das luminarias (sendo o mínimo de 5 anos)	Programación de luminarias en 5 escalóns	Fomento contratación indefinida.(Anexo V)
CYME SANTOS HECTOR, S.L.	166.980	15	5	SI	100%
GRUPO MARIÑO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	170.005	15	5	SI	51,72%
MANUEL NOVOA CASTRO	150.824,39	15	5	SI	100%
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	158.383,02	10	5	SI	5%
SETGA, S.L.U.	219.010	5,5	5	SI	66%
TELEGRADO, S.L.	179.713,31	15	5	SI	70%
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS,S.L.	199.166	15	5	SI	100%

Cálculos aos efectos de determinar a existencia de ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo:

**Identificación de ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo:

Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederáse ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Zona norte Lote 1: (14 Concellos):

LICITADORES	Ofertas económicas (CON IVE)
GRUPO MARIÑO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	218.284,00
HALLMAN ENERGIE, S.L.	233.251,70
MANUEL NOVOA CASTRO	174.011,43 (oferta en baixa)
NITLUX, S.A.	224.062,06
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	194.841,48
SETGA, S.L.U.	249.538,30
TELEGRADO, S.L.	227.783,77

OFERTA MÁIS BAIXA LOTE 1	OFERTA MÁIS ALTA	MEDIA OFERTAS LOTE 1	10% SUPERIOR A MEDIA	10% INFERIOR A MEDIA	NOVA MEDIA COAS MÁIS BAIXAS	10% INFERIOR Á NOVA MEDIA
174.011,43 €	249.538,30 €	217.396,11 €	239.135,72 €	195.656,50 €	212.039,07 €	190.835,17 €

*As ofertas por debaixo de 190.835,17 € están incursas en presunción de ser anormalmente baixa respecto ao prezo.

Zona centro Lote 2: (12 Concellos):

LICITADORES	Ofertas económicas (CON IVE)
GRUPO MARIÑO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	170.126,00
HALLMAN ENERGIE, S.L.	186.085,90
JOSE ÁNGEL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	142.919,15 (oferta en baixa)
MANUEL NOVOA CASTRO	144.524,53 (oferta en baixa)
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	150.032,34
SETGA, S.L.U.	213.044,51
TELEGRADO, S.L.	185.736,51

OFERTA MÁIS BAIXA LOTE 1	OFERTA MÁIS ALTA	MEDIA OFERTAS LOTE 1	10% SUPERIOR A MEDIA	10% INFERIOR A MEDIA	NOVA MEDIA COAS MÁIS BAIXAS	10% INFERIOR Á NOVA MEDIA
142.919,15 €	213.044,70 €	170.352,73 €	187.388,01 €	153.317,46 €	163.237,41 €	146.913,66 €

*As ofertas por debaixo de 146.913,66 € están incursas en presunción de ser anormalmente baixa respecto ao prezo.

Tendo en conta o antedio, a Mesa de Contratación acorda por unanimidade conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 10 días hábiles, aos seguintes licitadores ao encontrarse as súas ofertas en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

Lote I:

LICITADORES
MANUEL NOVOA CASTRO

Lote II:

LICITADORES
1.-MANUEL NOVOA CASTRO
2.-JOSE ÁNGEL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ

Infórmase a Mesa de Contratación con CSV: IV67YUAOD4BSVOO6WUUDCUKEKM que tendo en conta o acordado na Mesa de Contratación celebrada o día 22.06.2020, requeriuse a través do correo autorizado ao efecto polas empresas (Anexo I), a xustificación das súas ofertas, por atoparse en presunción de anormalidade, e á vista do establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), concédese un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á recepción do presente, para que xustifique e desglosen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes, ou calquera outro, para valoración das súas ofertas presentadas, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP.

O requirimento ás empresas realizouse o día 30.06.2020, sendo recepcionado o día 01.07.2020 por Manuel Novoa Castro e o día 02.07.2020 por José Angel Fernández Vázquez. Ambas empresas presentan en prazo a xustificación das súas ofertas.

Deuse conta á Mesa de Contratación dos informes emitidos en relación a xustificación das ofertas de Manuel Novoa Castro (Lotes I e II), e José Ángel Fernández Vázquez para o Lote II. Os informes foron elaborados pola empresa Ceres Gestión Sectorial, S.L., adxudicataria do contrato do servizo de asistencia técnica ao responsable do contrato da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía led para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@, e conformado polo Coordinador da Axencia da Enerxía, D. Antonio Álvarez Cabana. (Informe da oferta de Manuel Novoa Castro Lote I, CSV: IV677TQMNN52TH6UNUMLY2H4M; Informe da oferta de Manuel Novoa Castro Lote II, CSV: IV677TQMNIKSSWYQUFBOU3AKA; Informe da oferta de José Ángel Fernández Vázquez Lote II, CSV: IV677TQMNL536RPK3RAQ4PQHOQ .Todos os informes, conclúen no mesmo senso, “En base a documentación presentada e de acordo co exposto nos respectivos

informes, conclúe que xustifica de forma adecuada e na súa totalidade a oferta presentada, polo que se informa favorablemente a xustificación realizada.”, polo que ambas empresas continúan no procedemento de adxudicación da contratación.

Tendo en conta o antedito, móstranse as puntuacións totais das empresas:

Lote I:

Contratación por lotes da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@. EXP0047SU19-ABO.			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL NOVOA CASTRO	11,50	85,00	96,50
NITLUX, S.A	15,00	75,08	90,08
HALLMAN ENERGIE, S.L.	15,00	74,53	89,53
GRUPO MARINO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	13,50	74,47	87,97
TELEGRADO, S.L.	13,50	74,06	87,56
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	11,00	63,47	74,47
SETGA, S.L.U.	13,50	47,44	60,94

Lote II:

Contratación por lotes da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@. EXP0047SU19-ABO.			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL NOVOA CASTRO	11,50	84,56	96,06
HALLMAN ENERGIE, S.L.	15,00	75,41	90,41
JOSE ÁNGEL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	5,00	85,00	90,00
GRUPO MARINO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	13,50	76,19	89,69
TELEGRADO, S.L.	13,50	74,28	87,78
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	11,00	65,85	76,85
SETGA, S.L.U.	13,50	46,38	59,88

Lote III:

Contratación por lotes da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@.EXP0047SU19-ABO.			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL NOVOA CASTRO	11,50	85,00	96,50
CYME SANTOS HECTOR, S.L.	13,50	81,13	94,63
GRUPO MARIÑO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	13,50	78,07	91,57
TELEGRADO, S.L.	13,50	77,07	90,57
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L.	13,50	75,29	88,79
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	11,00	65,84	76,84
SETGA, S.L.U.	13,50	47,10	60,60

Tendo en conta o recollido no apartado “D” do cadro resumen do PCAP, que di:

“En aplicación do previsto no artigo 99.4 b) da LCSP na presente contratación os licitadores soamente poderán ser adxudicatarios dun lote.

No caso de que un licitador presentara a oferta máis ventaxosa en varios lotes, para determinar a preferencia na orde de adxudicación, tomarase como referencia o orzamento base de licitación máis alto:

- 1º o lote 1, Zona Norte, Lote co orzamento base de licitación máis alto.
- 2º o lote 3, Zona Sur. Lote co segundo orzamento base de licitación máis alto.
- 3º o lote 2, Zona Centro. Lote con orzamento base de licitación máis baixo.”

Polo que as empresas propostas como adxudicatarias resultarían as seguintes:

Lote I:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL NOVOA CASTRO	96,50

Lote II:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
HALLMAN ENERGIE, S.L.	90,41

Lote III:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
CYME SANTOS HÉCTOR, S.L.	94,63

Visto canto antecede, a mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Admitir as ofertas presentadas por Manuel Novoa Castro (Lotes I e II), e a presentada por José Ángel Fernández Vázquez para o Lote II, con base nos informes técnicos emitidos pola empresa Ceres Gestión Sectorial, S.L., e conformados polo Coordinador da Axencia da Enerxía, D. Antonio Álvarez Cabana, ao considerar xustificadas as ofertas.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Lote I:

Contratación por lotes da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@. E XP0047SU19-ABO.			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL NOVOA CASTRO	11,50	85,00	96,50
NITLUX, S.A.	15,00	75,08	90,08
HALLMAN ENERGIE, S.L.	15,00	74,53	89,53
GRUPO MARINO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	13,50	74,47	87,97
TELEGRADO, S.L.	13,50	74,06	87,56
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	11,00	63,47	74,47
SETGA, S.L.U.	13,50	47,44	60,94

Lote II

Contratación por lotes da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@. E XP0047SU19-ABO.			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL NOVOA CASTRO	11,50	84,56	96,06
HALLMAN ENERGIE, S.L.	15,00	75,41	90,41
JOSE ÁNGEL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	5,00	85,00	90,00
GRUPO MARINO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	13,50	76,19	89,69
TELEGRADO, S.L.	13,50	74,28	87,78
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	11,00	65,85	76,85
SETGA, S.L.U.	13,50	46,38	59,88

Lote III:

Contratación por lotes da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@. E XP0047SU19-ABO.			
LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL NOVOA CASTRO	11,50	85,00	96,50
CYME SANTOS HECTOR, S.L.	13,50	81,13	94,63
GRUPO MARINO, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	13,50	78,07	91,57
TELEGRADO, S.L.	13,50	77,07	90,57
VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS, S.L.	13,50	75,29	88,79
REBOBEN GONZALEZ, S.L.	11,00	65,84	76,84
SETGA, S.L.U.	13,50	47,10	60,60

Tendo en conta o apartado “D” do cadro resume do PCAP, as empresas propostas como adjudicatarias serían as seguintes:

Lote I:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
MANUEL NOVOA CASTRO	96,50

Lote II:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
HALLMAN ENERGIE, S.L.	90,41

Lote III:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
CYME SANTOS HÉCTOR, S.L.	94,63

Requirir ás empresas Manuel Novoa Castro (Lote I), Hallman Energie, S.L. (Lote II), e Cyme Santos Héctor, S.L. (Lote III), para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presenten a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, así como a documentación relacionada no apartado 12 do PPT.

Acta da Mesa de Contratación de data 15 de setembro de 2020 con CSV: V7GU3AY3NB63D4JAEMMGQY7L4.

“Deuse conta aos membros da mesa de contratación de que na sesión celebrada en data 30.07.2020, a mesa de contratación acordou requirir ás empresas Manuel Novoa Castro (Lote I), Hallman Energie, S.L. (Lote II), e Cyme Santos Héctor, S.L. (Lote III), para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presentasen a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, así como a documentación relacionada no apartado 12 do PPT.

As empresas atenderon aos requirimentos, dentro do prazo concedido a tales efectos. Acto seguido procédese á dar conta da documentación presentada en relación o art.150.2LCSP cos seguintes resultados:

Zona norte Lote 1: Meira, Burela, A Pastoriza, Riotorto, Lourenz, Oourol, Mondoedo, Xermade, O Vicedo, Ribeira de Piqun, Alfoz, Trabada, O Valadouro e Vilalba. A este respecto, da empresa Manuel Novoa Castro, procede informar o seguinte:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representacin.

Persoas Xurdicas:

O CIF da empresa e DNI do representante da empresa, Manuel Novoa Castro consta no certificado de inscricin no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia.

Consta no certificado de inscricin no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, a escritura de constituicin de sociedade mercantil outorgada baixo o nmero 58, pero falta a inscricin no Rexistro Mercantil.

Consta obxecto social adecuado para a prestacin do obxecto da contratacin.

Consta en certificado de apoderamento no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia a nome de Manuel Novoa Castro, o poder outorgado baixo o nmero de protocolo 58, pero non aporta declaracin responsable da vixencia dos datos que constan no certificado de inscricin no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia.

Presenta recibo do Imposto sobre Actividades Econmicas do exercicio 2019 co epgrafe 504 (instalacins elctricas en general) e xustificante de pago. A declaracin xurada de non ter causado baixa no referido/s epgrafe/s, consta no Anexo I do sobre A.

Non consta certificacin administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo rgano competente da Administracin do Estado.

Autorizou a esta Administracin a recadar certificacin administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo rgano competente da Administracin da Deputacin Provincial de Lugo, polo

que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta, que se emitiu polo Servizo de xestión, recadación e inspección tributaria o 10 de setembro de 2020.

Presenta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 25 de agosto de 2020.

Presenta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores de data 25 de agosto de 2020.

Presenta como garantía definitiva seguro de caución por importe de 7.190,55 euros, pero non presenta o documento orixinal e faltaría o bastanteo e depositalo na Tesourería desta Deputación Provincial de Lugo.

Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica:

Solvencia económica e financeira:

Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios debe ser como mínimo de 317.277,05 euros (70% do valor estimado do contrato).

Según consta nas contas anuais presentadas, o volumen de facturación no exercicio de 2018, asciende a 2.091.766,59 €, e o Volumen de facturación do ano 2017, ascende a 2.158.490,78 €.

Presenta as contas anuais do exercicio 2018 aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica ou profesional:

Á vista da documentación presentada polas empresas propostas como adxudicatarios do presente contrato procede informar o seguinte, segundo informe emitido polo Coordinador e

Responsable do Contrato, Antonio Álvarez Cabana e conformado polo Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá, José Antonio Arias Lombardero :

Zona norte Lote 1: Meira, Burela, A Pastoriza, Riotorto, Lourenzá, Ourol, Mondoñedo, Xermade, O Vicedo, Ribeira de Piquín, Alfoz, Trabada, O Valadouro e Vilalba. A este respecto, da empresa Manuel Novoa Castro, procede informar o seguinte:

En relación á Solvencia técnica ou profesional: Non presenta a documentación acreditativa solicitada:

Non presenta a documentación acreditativa solicitada na letra R, apartado 2 a) do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato. “Unha relación das principais subministracións realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos...”. As subministracións acreditaranse segundo o indicado no mencionado apartado.

Non presenta a documentación acreditativa solicitada na letra R, apartado 2 b) do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato “2.b)Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade”.

Presenta documento que contén o interlocutor responsable por parte da adxudicataria, pero non está asinado.

Zona centro Lote 2: Baralla, Begonte, Castro DE Rei, Castroverde, Cervantes, Cospito, Friol, Guntín, Láncara, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz e Rábade. A este respecto, e vista a documentación presentada pola empresa Hallman Energie, S.L., procede informar o seguinte:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación.

Persoas Xurídicas:

Presenta CIF da empresa e DNI do representante da empresa, José Ramón Irimia Seijas, consta no certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia.

Non consta no certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, datos da escritura de constitución da sociedade mercantil nin consta presentado o documento notarial da constitución da mercantil.

Consta obxecto social adecuado para a prestación do obxecto da contratación.

Consta en certificado de apoderamiento no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia a nome de José Ramón Irimia Seijas , o poder outorgado baixo o número de protocolo 1190, e aportan a escritura de apoderamento.

Presenta declaración responsable sobre a vixencia de los datos que figuran no Rexistro e poder notarial de representación.

Presenta certificado emitido pola AEAT de alta no do Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio 2019 co epígrafe 504.1 (instalacións eléctricas en general) e certificado de exención concedida: Art. 82.1.c LRHL. Presenta declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s.

Consta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado de data 26.08.2020.

Autorizou a esta Administración a recadar certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta, que se emitiu polo Servizo de xestión, recadación e inspección tributaria o 10 de setembro de 2020.

Presenta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 26 de agosto de 2020.

Presenta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores de data 27 de agosto de 2020.

Presenta como garantía definitiva aval por importe de 7.689,50 euros, bastantado pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo e consta formalizado por esta Deputación en data 28.08.2020.

Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica:

Solvencia económica e financeira:

Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios debe ser como mínimo de 270.883,95 euros (70% do valor estimado do contrato).

Según consta nas contas anuais presentadas, o volumen de facturación no exercicio de 2018, asciende a 1.344.045,31€€, e o Volumen de facturación do ano 2017, asciende a 806.517,93€€

Presenta as contas anuais do exercicio 2018 aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica ou profesional.

Á vista da documentación presentada polas empresas propostas como adxudicatarios do presente contrato procede informar o seguinte, segundo informe emitido polo Coordinador e Responsable do Contrato, Antonio Álvarez Cabana e conformado polo Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá, José Antonio Arias Lombardero.

En relación á Solvencia técnica ou profesional: A documentación presentada é correcta:

A documentación presentada cumpre co indicado na letra R, apartado 2 a) do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato. “Unha relación das principais subministracións realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos...”.

A documentación presentada cumpre co indicado na letra R, apartado 2 b) do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato “2.b)Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade”

Presenta documento que contén o interlocutor responsable por parte da adxudicataria, de data 27 de agosto de 2020.

Zona sur Lote 3: A Pobra do Brollón, As Nogais, Carballedo, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, O Incio, O Páramo, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Samos e Sober. A este respecto, e vista a documentación presentada pola empresa Cyme Santos Héctor, S.L., procede informar o seguinte:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación.

Persoas Xurídicas:

Consta no certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia o CIF da empresa e DNI dos representantes da empresa, Santos Héctor Díaz Pérez e Juan Carlos Díaz Pérez.

Non consta no certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, datos da escritura de constitución de sociedade mercantil nin consta presentado o documento notarial da constitución da mercantil.

Consta no certificado de apoderamento no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia os apoderados Santos Héctor Díaz Pérez e Juan Carlos Díaz Pérez. Consta a escritura de cese do administrador único, D.Manuel Marcos Mariño e o nombramento dos novos administradores (escritura de apoderamento) poder outorgado baixo o número de protocolo 3843, de data 04.12.2017.

Consta no certificado do rexistro da Xunta de Galicia estar de alta e exento de pago no exercicio 2018 no Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio 2019 co epígrafe 504.1 (instalacións eléctricas en general). Presenta declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s., no Anexo I presentado no sobre A.

Non consta certificación administrativa positiva vixente ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado. O dato que consta no certificado da Xunta é de vixencia ata 20.08.2020, e a documentación consta presentada o día 27.08.2020.

Autorizou a esta Administración a recadar certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta, que se emitiu polo Servizo de xestión, recadación e inspección tributaria o 10 de setembro de 2020.

Non consta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Non consta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores, aínda que no Certificado presentado da Xunta de Galicia consta que “Á vista dos datos obrantes neste Rexistro, non consta a causa de prohibición de contratar tipificada no artigo 71.1.d) da LCSP-2017”, e tamén aporta declaración responsable da vixencia dos datos que constan no certificado de inscrición no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia, polo que a Mesa de Contratación acorda que esta mención no certificado do Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia substitúe e equivale a declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Presenta como garantía definitiva aval por importe de 6.900,00 euros, bastantado pola Asesoría Xurídica da Deputación, pero non consta depositada e formalizado pola Tesourería da Deputación. Faise mención expresa na Mesa de Contratación que aínda que no documento do aval non especifica que é para o Lote III, dedúcese con facilidade polo importe, polo tanto enténdese que non é necesario a súa emenda.

Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica:

Solvencia económica e financeira:

Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios debe ser como mínimo de 278.481,38 euros (70% do valor estimado do contrato).

Na documentación aportada declara que o volume de negocios no ano 2018 é de 501.733, euros, se ven a Mesa de Contratación acorda solicitar a conta de Pérdidas e Ganancias, aos efectos de comprobar este dato, xa que non consta na documentación presentada das contas anuais.

Solvencia técnica ou profesional.

Á vista da documentación presentada polas empresas propostas como adxudicatarios do presente contrato procede informar o seguinte, segundo informe emitido polo Coordinador e Responsable do Contrato, Antonio Álvarez Cabana e conformado polo Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá, José Antonio Arias Lombardero.

Zona sur Lote 3: a Pobra do Brollón, As Nogais, Carballedo, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, O Incio, O Páramo, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Samos e Sober. A este respecto, e vista a documentación presentada pola empresa Cyme Santos Héctor, S.L., procede informar o seguinte:

En relación á solvencia técnica ou profesional: A documentación presentada está incompleta:

A documentación presentada cumpre co indicado na letra R, apartado 2 a) do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato. “Unha relación das principais subministracións realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos...”.

Non presenta a documentación acreditativa solicitada na letra R, apartado 2 b) do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato “2.b) indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade”.

Non consta documento indicando o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

A continuación, o Xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá, José Antonio Arias Lombardero e vogal desta Mesa de Contratación, fai mención aos informes emitidos en relación ao cumprimento da documentación esixida na cláusula 12 do PPT. A vista destes informes, os cales se enviaron con anterioridade á celebración da Mesa aos integrantes da mesma, xunto coa documentación aportada polas empresas, conclúese o seguinte:

Lote I: Informe técnico preliminar relativo á validación da documentación técnica entregada por Manuel Novoa Castro.

“(…) En la documentación entregada por la empresa anteriormente citada, se han encontrado las siguientes deficiencias:

Anexo 1:

o se deberá presentar la tabla propuesta en el modelo tipo descrito en el PPT para los datos de la empresa distribuidora.

Anexo 2:

o únicamente se incluirán en el anexo las luminarias que se proponen para su instalación.
o se deberá aportar el marcado CE de los LED propuestos.

Anexo 3:

o se deberá presentar la documentación requerida para cada modelo utilizado, indicando de forma clara la correspondencia entre el modelo propuesto y el modelo que posee el certificado.

Anexo 4:

o se deberá presentar la documentación requerida para cada modelo utilizado, indicando de forma clara la correspondencia entre el modelo propuesto y el modelo ensayado.

Anexo 5:

o se deberán aportar los cálculos luminotécnicos acorde a la estructura establecida en el PPT, concello por concello, siguiendo el índice propuesto en el anexo 12.

(...)"

Lote II. Informe técnico preliminar relativo á validación da documentación técnica entregada pola empresa Hallmann Energy, S.L.

“(...) En la documentación entregada por la empresa anteriormente citada, se han encontrado las siguientes deficiencias:

Anexo 1:

o se deberá indicar el motivo por el cual se considera que no aplica el apartado 10 para la empresa instaladora.

Anexo 2:

o se deberá aportar el marcado CE de los LED propuestos.

Anexo 3:

o para la luminaria ornamental, se deberán incluir todas las acreditaciones de los laboratorios que presentan certificados, además, se deberá presentar la documentación requerida para cada modelo utilizado, indicando de forma clara la correspondencia entre el modelo propuesto y el modelo que posee el certificado.

Anexo 4:

o se deberá aportar el ensayo de medidas eléctricas y el ensayo colorimétrico y fotométrico de la luminaria ornamental.

Anexo 5:

o se deberán aportar los cálculos luminotécnicos acorde a la estructura establecida en el PPT, concello por concello, siguiendo el índice propuesto en el anexo 12.

(...)"

Lote III. Informe técnico preliminar relativo á validación da documentación técnica entregada pola empresa Cyme Santos Héctor S.L.U.

“(...) No presenta índice paginado con indicación de la página de ubicación del documento justificativo de cada apartado de cada uno de los anexos a presentar.

Anexo 1:

Se deberá presentar la tabla propuesta en el modelo tipo descrito en el PPT para los datos de la empresa instaladora, distribuidora y documentos y fichas necesarias.

Anexo 2:

o únicamente se incluirán en el anexo las luminarias que se proponen para su instalación y su documentación correspondiente.

Anexo 3:

o se deberá presentar la documentación requerida para cada modelo utilizado, indicando de forma clara la correspondencia entre el modelo propuesto y el modelo que posee el certificado.

Anexo 4:

o se deberá presentar la documentación requerida para cada modelo utilizado, indicando de forma clara la correspondencia entre el modelo propuesto y el modelo ensayado.

Anexo 5:

O deberá aportar un cálculo lumínico por concello acorde a la estructura, siguiendo el índice propuesto en el anexo 12.

De acuerdo con lo expuesto en los párrafos anteriores y dado que la documentación entregada no se ha presentado de acuerdo con las indicaciones señaladas por el pliego de prescripciones técnicas, lo que ha imposibilitado su revisión, se concluye que para un correcto análisis de la misma sería preciso que el licitador propuesto como adjudicatario para este Lote la presentase nuevamente en su totalidad de acuerdo con lo previsto al efecto por el mencionado pliego.

(...)"

A vista do exposto, os integrantes da Mesa de Contratación acordan calificar as deficiencias como emendables, polo que se concede un prazo de 3 días hábiles para que os licitadores saneen os erros apreciados.”

Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 20 de outubro de 2020, aos efectos de examinar a subsanación da documentación do art. 150 da LCSP e da documentación da cláusula décimo segunda do PPT, dase conta que:

O requirimento cursouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público e as empresas atenderon aos requirimentos dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acto seguido procédese á cualificación da documentación presentada cos seguintes resultados:

Zona norte Lote 1: Meira, Burela, A Pastoriza, Riotorto, Lourenzá, Oul, Mondoñedo, Xermade, O Vicedo, Ribeira de Piquín, Alfoz, Trabada, O Valadouro e Vilalba. a este respecto, da empresa Manuel Novoa Castro, procede informar o seguinte:

Aporta escritura de constitución inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro).

Consta declaración responsable da vixencia dos datos que constan no certificado de inscrición no Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia.

Consta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado.

Aporta na Tesourería desta Deputación Provincial de Lugo o documento orixinal do seguro de caución presentado en concepto de garantía definitiva por importe de 7.190,55 euros.

Presenta documento asinado que contén o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

En relación a subsanación da solvencia técnica ou profesional do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato consta informe emitido polo Coordinador e Responsable do Contrato, Antonio Álvarez Cabana no que conclúe que a documentación presentada é correcta:

A documentación presentada cumpre co indicado na letra R, apartado 2 a) do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato.

“Unha relación das principais subministracións realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos...”.

A documentación presentada cumpre co indicado na letra R, apartado 2 b) do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato.

“2.b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

Zona centro Lote 2: Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cospeito, Friol, Guntín, Lán cara, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz e Rábade. A este respecto, e vista a documentación presentada pola empresa Hallman Energie, S.L., procede informar o seguinte:

Aporta escritura de constitución inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro).

Zona sur Lote 3: A Pobra do Brollón, As Nogais, Carballedo, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, O Incio, o Páramo, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Samos e sober. A este respecto, e vista a documentación presentada pola empresa Cyme Santos Héctor, S.L., procede informar o seguinte:

Aporta escritura de constitución inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro).

Consta certificación administrativa positiva vixente ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado.

Consta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Aporta conta de Pérdidas e Ganancias onde consta que o volume de negocios no ano 2018 é de 501.733 euros.

Consta documento indicando o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

En relación a subsanación da solvencia técnica ou profesional do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato consta informe con CSV: IV7GQPHIP5WD3OEMWR6D44R6CY emitido polo coordinador e responsable do contrato, Antonio Álvarez Cabana no que conclúe que a documentación presentada é correcta:

A documentación presentada cumpre co indicado na letra R, apartado 2 a) do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato.

“Unha relación das principais subministracións realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos...”.

A documentación presentada cumpre co indicado na letra R, apartado 2 b) do cadro resumen do prego de cláusulas administrativas reitor do contrato.

“2.b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

En relación á subsanación da documentación relativa á cláusula décimo segunda do PPT, os informes emitidos pola empresa Ceres (informe Lote I, CSV: IV7GQPH2DQON7LH3QA654XZCAA; informe Lote II, CSV: IV7GQPH2DUZDZLEZYJVHMIJW6I e informe do Lote III, CSV:

IV7GQPH2DYXJLHG3DRNVL4YWC4) todos conformados polo Responsable do contrato conclúen do seguinte xeito:

“Una vez realizada la revisión de la documentación técnica anteriormente descrita, se llega a la conclusión de que ésta cumple los requisitos exigidos por el Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares, por lo que se emite un informe de carácter favorable.”

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentados correctamente os trámites de subsanación, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a contratación por lotes da contratación por lotes da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@., EXP0047SU19ABO, polos seguintes importes e melloras ofertadas.:

Zona norte Lote 1: (14 Concellos):

LICITADORES	Oferta económica (CON IVE)	%Bolsa de compoñente a coste O	Ampliación do prazo de garantía das luminarias (sendo o mínimo de 5 anos)	Programación de luminarias en 5 escalóns
MANUEL NOVOA CASTRO,S.L.U.	143.811,10 euros, aos que haberá que engadir 30.200,33 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 174.011,43 euros.	unha bolsa de compoñentes a coste cero de un 15 % do orzamento de licitación, 211.518,03 € (ive non incluído)	Comprométese a cumprir o prazo de garantía mínimo de 5 anos + 5 anos adicionais ofertados para as luminarias.	SI Compromiso de realizar a programación de luminarias en 5 escalóns

Zona centro Lote 2: (12 Concellos):

LICITADORES	Oferta económica (CON IVE)	%Bolsa de compoñente a coste O	Ampliación do prazo de garantía das luminarias (sendo o mínimo de 5 anos)	Programación de luminarias en 5 escalóns
HALLMAN ENERGIE, S.L.	153.790,00€ aos que haberá que engadir 32.295,90€ en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 186.085,90€	unha bolsa de compoñentes a coste cero de un 15 % do orzamento de licitación, 180.589,30 € (ive non incluído)	Comprométese a cumprir o prazo de garantía mínimo de 5 anos + 5 anos adicionais ofertados para as luminarias	SI Compromiso de realizar a programación de luminarias en 5 escalóns

Zona sur Lote 3: (12 Concellos):

LICITADORES	Oferta económica	%Bolsa de compoñente a coste O	Ampliación do prazo de garantía das luminarias (sendo o mínimo de 5 anos)	Programación de luminarias en 5 escalóns
CYME SANTOS HECTOR, S.L.	138.000,00€ aos que haberá que engadir 28.980,00€ en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 166.980,00€	unha bolsa de compoñentes a coste cero de un 15 % do orzamento de licitación, 185.654,25 € (ive non incluído)	Comprométese a cumprir o prazo de garantía mínimo de 5 anos + 5 anos adicionais ofertados para as luminarias	SI Compromiso de realizar a programación de luminarias en 5 escalóns

No prazo máximo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte á formalización do contrato do lote, a empresa adxudicataria deberá presentar, para a súa conformidade polo responsable do contrato, un plan dos traballos e prazos de execución da subministración no que se

especificarán e detallarán todos e cada un dos traballos a realizar, así como o seu período de execución. O adxudicatario deberá respectar o indicado no plan de traballos conformado.

O prazo máximo de execución establecido para cada un dos lotes será de 6 meses a contar dende o día seguinte á sinatura da acta de inicio da subministración e instalación do lote, a cal deberá estar asinada nun prazo non superior a 1 mes a contar dende o día seguinte á formalización do contrato do lote. Este documento en ningún caso será asinado antes de que o responsable do contrato dea a súa conformidade ao plan de traballos descrito no parágrafo anterior.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, , e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 11:31 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adjudicar a contratación por lotes da contratación por lotes da subministración e instalación de material eléctrico de iluminación con tecnoloxía LED para o desenvolvemento do proxecto ILUMIN@., EXP0047SU19ABO, polos seguintes importes e melloras ofertadas.:

Zona norte Lote 1: (14 Concellos): Meira, Burela, A Pastoriza, Riotorto, Lourenzá, Oourol, Mondoñedo, Xermade, O Vicedo, Ribeira de Piquín, Alfoz, Trabada, O Valadouro e Vilalba.

LICITADORES	Oferta económica (CON IVE)	%Bolsa de compoñente a coste O	Ampliación do prazo de garantía das luminarias (sendo o mínimo de 5 anos)	Programación de luminarias en 5 escalóns
MANUEL NOVOA CASTRO,S.L.U.	143.811,10 euros, aos que haberá que engadir 30.200,33 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 174.011,43 euros.	unha bolsa de compoñentes a coste cero de un 15 % do orzamento de licitación, 211.518,03 € (ive non incluído)	Comprométese a cumprir o prazo de garantía mínimo de 5 anos + 5 anos adicionais ofertados para as luminarias.	SI Compromiso de realizar a programación de luminarias en 5 escalóns

Zona centro Lote 2: (12 Concellos): Baralla, Begonte, Castro de Rei, castroverde, Cervantes, Cospeito, Friol, Guntín, láncara, navia de Suarna, Negueira de Muñiz e Rábade.

LICITADORES	Oferta económica (CON IVE)	%Bolsa de compoñente a coste O	Ampliación do prazo de garantía das luminarias (sendo o mínimo de 5 anos)	Programación de luminarias en 5 escalóns
HALLMAN ENERGIE, S.L.	153.790,00€ aos que haberá que engadir 32.295,90€ en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 186.085,90€	unha bolsa de compoñentes a coste cero de un 15 % do orzamento de licitación, 180.589,30 € (ive non incluído)	Comprométese a cumprir o prazo de garantía mínimo de 5 anos + 5 anos adicionais ofertados para as luminarias	SI Compromiso de realizar a programación de luminarias en 5 escalóns

Zona sur Lote 3: (12 Concellos): A Pobra do Brollón, As Nogais, Carballedo, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, O Incio, O Páramo, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Samos e Sober

LICITADORES	Oferta económica	%Bolsa de compoñente a coste O	Ampliación do prazo de garantía das luminarias (sendo o mínimo de 5 anos)	Programación de luminarias en 5 escalóns
CYME SANTOS HECTOR, S.L.	138.000,00€ aos que haberá que engadir 28.980,00€ en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 166.980,00€	unha bolsa de compoñentes a coste cero de un 15 % do orzamento de licitación, 185.654,25 € (ive non incluído)	Comprométese a cumprir o prazo de garantía mínimo de 5 anos + 5 anos adicionais ofertados para as luminarias	SI Compromiso de realizar a programación de luminarias en 5 escalóns

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- No prazo máximo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte á formalización do contrato do lote, a empresa adjudicataria deberá presentar, para a súa conformidade polo responsable do contrato, un plan dos traballos e prazos de execución da subministración no que se especificarán e detallarán todos e cada un dos traballos a realizar, así como o seu período de execución. O adjudicatario deberá respectar o indicado no plan de traballos conformado.

O prazo máximo de execución establecido para cada un dos lotes será de 6 meses a contar

dende o día seguinte á sinatura da acta de inicio da subministración e instalación do lote, a cal deberá estar asinada nun prazo non superior a 1 mes a contar dende o día seguinte á formalización do contrato do lote. Este documento en ningún caso será asinado antes de que o responsable do contrato dea a súa conformidade ao plan de traballos descrito no parágrafo anterior.

4º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE INSPECCIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NOS EDIFICIOS PERTENCENTES Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Os efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de inspección e mantemento das instalacións de protección contra incendios nos edificios pertencentes á Deputación provincial de Lugo, consta no mesmo:

Providencia de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67HS2KPZMOJTH3U34XOBAGCU.

Informe complementario á memoria, con CSV: IV7GS3XLLEXNZHVO6Z6CGMYECI.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7GW4CSHBNS5C4M3TVAI5AACI.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV67HST6F5RC2RNL43QB6ZCRAI.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GTXP2ZFFVSLXRN6NITDZCWIM.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7GTXPSFIFSJ6OKYU5SM4L7GE.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7GTULNHIUSSXJ3WU4VKUKH6U.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de inspección e mantemento das instalacións de protección contra incendios nos edificios pertencentes á Deputación provincial de Lugo, cunha duración de dous anos, con posibilidade de prórroga por outro ano.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a

selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, non suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 57.624,80 euros. O orzamento base de licitación inclúe 10.001 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 47.623,80 euros de base, e distribúese atendendo ao seguinte desglose:

1º ano (orzamento 2021): De 1 de xaneiro de 2021 a 31 de decembro de 2021: 32.190,60 euros.

2º ano (orzamento 2022): De 1 de xaneiro de 2022 a 31 de decembro de 2022: 25.434,20 euros.

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

Dito gasto aplicarase as aplicacións orzamentarias indicadas dos orzamentos do 2021 e 2022, quedando supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e o compromiso de incluír nos orzamentos das anualidades 2021 e 2022 as cantidades indicadas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: PALAS DE REI.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla da LU-P-4004 “Devesa de Rei (N-547) – Ribeira- Xende (LU-P-2901)”, P.K. 0+000 a 10+045.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 16 de outubro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV677W2PIE4CVLOYANPR6EYTFY¹.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: PALAS DE REI.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla da LU-P-4004 “Devesa de Rei (N-547) – Ribeira- Xende (LU-P-2901)”, P.K. 0+000 a 10+045, redactado por Don Darío Ferreiro Otero, Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV67YWHCIEVMTLO7QM4C65T64E.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV67YKTMOHUCJK7SCFXAD3XFPY.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67YK3KOB5DJ7PY4UUFK437EA.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV67YOCCZZXMWXJDQM5D4D3XF4.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 07/08/2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV67YMJICEJK3ORI4RUQ4QCG6U.

Publicación, o día 13/08/2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 18/09/2020, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliábeis automaticamente (sobre B), con CSV: IV7GUC3PN7WZXTXCS77VAPRU6Y.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación do 18/09/2020, deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

PALAS DE REL - REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE FIRME MEDIANTE REGOS CON GRAVILLA DA LU-P-4004 "DEVEVA DE REI (N-547) - RIBEIRA- XENDE (LU-P-2901)", P.K. 0+000 A 10+045.
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO
 CLASIFICACION EXIGIDA:
 PRAZO DE EXECUCION:

83.063,51				MELLORAS
68.647,53	14.415,98	DE IVE (partida independiente)		IMP SIN IVE 2,06
				IMP CON IVE 2,96
				IMP. GX e BI 2,45
			MAXIMO 1.372,95	

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (75) PREZO (IVE incluído - art 102)	(B) MELLORAS (20)		(C) P. DIVULGACIÓN (5) Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado)	CRITERIO DESEMPATE Plantel / Discapitados	% BAIXA		TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B)
			Oferta (M2 DOBRE TRATAMIENTO SUPERFICIAL MÁXIMO 19.000,00 M2)	€/M // CUSTE (€) menos % baixa			%	%	
1 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	71.151,63 €	0,00	0,00	0,00 €	46/1	85,66%	14,34%	71.151,63 €
2 EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	82.280,00 €	6.000,00	17.593,06	0,00 €	8/0	99,06%	0,94%	64.686,94 €
3 FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		72.237,00 €	1.500,00	3.861,47	500,00 €	14/0	86,97%	13,03%	68.375,53 €
4 GRUPO BASCUJAS 2008 SL		75.151,71 €	712,00	1.906,67	435,91 €	87/1	90,47%	9,53%	73.245,04 €
5 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		72.207,11 €	500,00	1.286,56	357,03 €	2/0	86,93%	13,07%	70.920,55 €
6 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		74.756,22 €	2.000,00	5.328,00	661,16 €	34/2	90,00%	10,00%	69.428,22 €

De seguido procedeu, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS	OFERTA (A-B)	
	Oferta	
1 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	71.151,63 €
2 EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	64.686,94 €
3 FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		68.375,53 €
4 GRUPO BASCUJAS 2008 SL		73.245,04 €
5 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		70.920,55 €
6 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		69.428,22 €

MEDIA
69.331,26

BAIXA DESPROPORCIONADA
62.398,13

10% ARRIBA
76.264,38

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procédese á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC	PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	Oferta (M2 DOBRE TRATAMIENTO SUPERFICIAL MÁXIMO 19.000,00 M2)	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1 CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A	71.151,63 €	75,00	0,00	0,00	0,00 €	0,00	75,00
2 EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A	82.280,00 €	4,93	6.000,00	20,00	0,00 €	0,00	24,93
3 FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		72.237,00 €	68,17	1.500,00	5,00	500,00 €	3,78	76,95
4 GRUPO BASCUJAS 2008 SL		75.151,71 €	49,81	712,00	2,37	435,91 €	3,30	55,48
5 OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		72.207,11 €	68,35	500,00	1,67	357,03 €	2,70	72,72
6 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		74.756,22 €	52,30	2.000,00	6,67	661,16 €	5,00	63,97

A Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	76,95
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	A 75,00
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	72,72
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	63,97
5	GRUPO BASCUAS 2008 SL	55,48
6	EXCAVACIONES SANTIÑOS SL	A 24,93

Requirir á empresa Fevisa Vías y Obras SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 25/09/2020, con CSV: IV7GWSY2PZUJRWUSAUHUN5SF4U, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Fevisa Vías y Obras SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 28/09/2020, rematando o prazo de presentación o día 14/10/2020. A mercantil Fevisa Vías y Obras SL, presentou a documentación requirida o 09/10/2020.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 16/10/2020, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Fevisa Vías y Obras SL presenta a documentación requirida en tempo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Fevisa Vías y Obras SL representada por D. Juan Carlos López Rivero, a contratación da obra denominada PALAS DE REI.- Rehabilitación superficial de firme

mediante regos con gravilla da LU-P-4004 “Devesa de Rei (N-547) – Ribeira- Xende (LU-P-2901)”, P.K. 0+000 a 10+045, no prezo de 72.237,00 €, dos cales 12.537,00€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras consistentes en superficie de dobre tratamento superficie a executa, a maiores das proxectadas, coas características definidas no PCAP, de 1.500,0m² e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 500,00€ mais IVE e un prazo de execución de 2 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: melloras de obra e programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adjudicar á empresa Fevisa Vías y Obras SL representada por D. Juan Carlos López Rivero, a contratación da obra denominada PALAS DE REI.- Rehabilitación superficial de firme mediante regos con gravilla da LU-P-4004 “Devesa de Rei (N-547) – Ribeira- Xende (LU-P-2901)”, P.K. 0+000 a 10+045, no prezo de 72.237,00 €, dos cales 12.537,00€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras consistentes en superficie de dobre tratamento superficie a executa, a maiores das proxectadas, coas características definidas no PCAP, de 1.500,0m² e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 500,00€ mais IVE e un prazo de execución de 2 meses.

O adjudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: melloras de obra e programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adjudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2019.

Proposta en relación coa adxudicación de investimentos incluídos polo concello de O Valadouro no Plan Único 2019. (investimento Nº 318 .- execución de piscina de chapoteo, incluído honorarios”).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Concello de O Valadouro achégase certificado de adxudicación de investimentos, incluídos no Plan Único 2019, e en relación co mesmo infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídos os investimentos que se sinalan.

As bases do Plan Único establecen na base 18 o prazo para adxudicar os investimentos, sinalando “... os concellos adxudicarán e formalizarán, de proceder, os contratos referentes as actuacións incluídas no Plan ata o 31 de outubro de 2019. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do Concello”.

O concello de O Valadouro, presentou o correspondente certificado do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración -anexos III

ou IV, no que se sinalan as datas de adxudicación, figurando adxudicadas o 16/10/2019 á mercantil Excavaciones Ramsei SL.

Así mesmo, o Concello remite en data 10/01/2020 novo anexo III de adxudicación do contrato, toda vez que o anteriormente achegado foi motivo de Renuncia, tendo que ser novamente licitado, sendo as datas de adxudicación:

CONCELLO DE:	OBRA PUC/19 N°:	DATA ADXUDICACIÓN
O VALADOURO	318	27/12/2019

En relación coas adxudicacións, fora do prazo inicialmente previsto e prorroga concedidas ao efecto, das referidas obras, por parte do Concello indicado, cabe admitir a adxudicación, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analogía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 13 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que “...transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada...”, trámite que non se ten efectuado, no marco do procedemento de xustificación da achega concedida. Tampouco está iniciado o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da achega, toda vez que están en prazo para presentar a xustificación do investimento.

Neste sentido e como regra xeral, os interesados sempre poden aportar alegacións antes do trámite de audiencia, garantizado polo artigo 42 da LXS, no procedemento de reintegro que se aplica ao procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro dunha subvención (artigo 89 do RXLS). Neste caso non se ten producido nin un nin o outro.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derrogada), “... Aos interesados que non cumpran o disposto nos apartados anteriores se lles poderá declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Non obstante, admitirase

a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, si se produce antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo”.. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite da adxudicación das obras incluídas no Plan Único de Cooperación 2019, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de adxudicar os investimentos indicados, incluídos no Plan Único 2019, do Concello indicado, e a achega a esta Deputación, debe entenderse presentadas e realizadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

En relación coa adxudicación dos investimentos fora do prazo inicialmente fixado, ou fora da prórroga concedida, de ser o caso; de acordo co establecido no artigo 28 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no paragrafo n) do apartado III do artigo 17 da lei ou, no seu caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención, tendo en conta o grao de intencionalidade, a contía e a gravidade do incumprimento, os prexuízos que se podan causar a terceiros e o prexuízo para os intereses públicos.

O aludido artigo 17.3.n) da LXS establece que a norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará, entre outros, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente vaia percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

O Servizo de Contratación e Fomento ven aplicando en casos precedentes e semellantes ao exposto o principio de proporcionalidade e considera que procede aceptar a adxudicación fora do prazo inicialmente establecido, ou das súas prorrogas, de ser o caso, con base no establecido no artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 28 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo ao amosarse unha actividade tendente ao cumprimento dos fins e obxectivos da subvención, polo beneficiario. A este respecto, cabe destacar o indicado no Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid, de 12 de marzo de 2013 que, en relación coa presentación fóra do prazo establecido dos documentos xustificativos polo

beneficiario, establece que: “ ... acreditado como queda el cumplimiento de la finalidad de la subvención dentro del plazo establecido en la orden reguladora de la subvención objeto de discrepancia, y teniendo en cuenta lo anteriormente expuesto, a juicio de esta Intervención General, no procede imponer el reintegro de las cantidades abonadas al beneficiario por la aportación extemporánea de los documentos justificativos de dicho cumplimiento, en tanto que, la inobservancia de un requisito de carácter formal no puede implicar una sanción de consecuencias patrimoniales desproporcionadas para aquel, como sería el caso del reintegro de la totalidad de la ayuda. En este sentido se ha pronunciado la jurisprudencia más reciente, como es el caso de la sentencia de 29 de febrero de 2000 del Tribunal Superior de Justicia de Asturias, que confirma la no aplicabilidad del reintegro de la subvención por el beneficiario que incumple sus deberes formales de justificación (...)”.

O artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da lei ou, no seu caso, ás establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención.

Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que “non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestímulo” ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A STS 6/6/2007 aclara que “el principio de proporcionalidad... permite emplear ciertos criterios de graduación de los posibles incumplimientos de las condiciones impuestas al conceder las subvenciones. Casos...en los que no existe un incumplimiento absoluto de la obligación de justificación, pueden no ser tratados del mismo modo que estos últimos. Si se trata de una justificación ligeramente tardía, resulta indiscutible la realización efectiva y material- y dentro de su plazo propio- de las condiciones sustantivas y concurren las circunstancias excepcionales que ya hemos descrito, habrá junto de las relaciones Administración- beneficiario”.

A STSJ de Castilla e León, Valladolid, 103/2007 de 19/1, nun suposto en que a presentación dos xustificantes de gastos se fizo 2 días despois da finalización do prazo, declara que non é procedente a revogación por “desproporcionada en relación con la naturaleza del incumplimiento que se atribuye a la parte, pues de seguir esta interpretación cualquier incumplimiento, por mínimo que fuese, acarrearía necesariamente la revocación de la subvención..” pero matiza “salvo que se desprenda que el incumplimiento del plazo de presentación, en relación con las normas de la convocatoria haya tenido una naturaleza trascendente para el fin de la subvención, o haya podido tener influencia en el ejercicio por la Administración de sus potestades de control y fiscalización...”.

Neste sentido, cabe mencionar que as bases do Plan Único non indican consecuencias “fatales” ou de exclusión á circunstancia de non presentar en prazo as adxudicacións dos investimentos. Debe terse en conta o principio de “proporcionalidade” e a boa fe, xunto coa lealdade institucional, unido ao efecto útil do procedemento administrativo.

Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2020, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2020, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

Non obstante estes prazos foron ampliados por acordo do Pleno en sesión ordinaria celebrada o 29/09/2020, fixando o 31/10/2020 para a execución dos investimentos e o 15/11/2020 como data límite para presentar a xustificación.

Conclusión

Visto o antedito, cos datos obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, e tendo en conta que non é finalidade da administración Provincial cernar procedementos canalizados para servir ao interese xeral, e moi especialmente no plan que nos ocupa, dando cumprimento á competencia e responsabilidade do ente Provincial de cooperar cos Concellos, e en consecuencia, non se observa un detrimento ou perda; non existe ningunha circunstancia competitiva na tramitación, senón unha ordenación procedemental para alcanzar os

obxectivos do plan, sendo estas as pautas aplicadas, desde que se comezou a implantar e aplicar o Plan Único, de sorte que existen numerosos precedentes en distintas tramitacións dos plans precedentes, entende o que subscribe, que os trámites para a adxudicación, aínda que realizados con demora, non deben impedir, en aplicación do principio de proporcionalidade, que se acepte ditos certificados, toda vez que, ademais, está en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar aos concellos en función da xustificación presentada, polo que se informa favorablemente a aceptación do anexo III, inda adxudicado fora do prazo inicialmente establecido.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar, á vista da súa xustificación e informe do Servizo de Contratación e Fomento, o anexo III de adxudicación de investimento incluído no Plan Único 2019, achegado polo concello indicado, no que a adxudicación se ten realizada na data que se indica, con posterioridade a data límite fixada, tendo en conta que están en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar ao concello:

CONCELLO DE:	OBRA PUC/19 N°:	DATA ADXUDICACIÓN
O VALADOURO	318	27/12/2019

2º.- Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE ACTUACIÓN S INCLUÍDAS NO PLAN ÚNICO 2020.

Proposta de estimación da solicitude do Alcalde do Concello de Samos de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de

celebración de feiras, mercados e outros” á execución dunha actuación que estaría recollida no “Programa de actuacións/eventos turísticos”, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe, de data 28 de outubro de 2020, da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Orixe: Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento.

Asunto: Escrito da alcaldía do concello de Samos no que se solicita o cambio das actuacións recollidas dentro do programa de “Celebración de feiras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Visto o escrito remitido, o 26 de outubro de 2020 polo alcalde do Concello de Samos no que se solicita literalmente o seguinte: “(...) destinar o importe concedido a este programa, 16.000,00 € (dezaseis mil euros), a unha soa actuación denominada “Feira do turismo de samos”, debido a que é máis doado garantir o cumprimento dos protocolos de seguridade para este tipo de actuacións” emítase o seguinte informe,

Antecedentes de feito

Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrado o 2 de abril de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, as cales foron publicadas no BOP nº 077, de data 3 de abril de 2020.

Na Base 3.B.7.-Celebración de feiras, mercados e outros, establececese que, con carácter xeral os concellos poderán destinar, a feiras, mercados e análogos, con cargo ao Plan Único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020.

O alcalde do Concello de Samos presentou, en data 26 de xuño de 2020, solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

No relativo ao Programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros, o representante do Concello de Samos solicitou unha achega da Deputación Provincial por importe de 16.000,00 € para sufragar os gastos derivados da realización das actuacións “Feira de Artesanía e Turismo de Samos” e “Feira Gandeira de Samos”.

Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2020, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, onde se contempla que o Concello de Samos dispón de 16.000,00 € para a celebración das actuacións “Feira de Artesanía e Turismo de Samos” e “Feira Gandeira de Samos”, dentro do “Programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros”.

O Alcalde do Concello de Samos solicita destinar o importe concedido (16.000,00 €) para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros” á execución da actuación “Feira do turismo de samos” incluída dentro do “Programa de Actuacións/Eventos Turísticos”, fundamentando dito cambio na dificultade de celebrar as actuacións aprobadas debido a situación sanitaria actual, sendo máis doado garantir o cumprimento dos protocolos de seguridade nas actuacións incluídas no “Programa de Actuacións/Eventos Turísticos”.

Consideracións xurídico-administrativas

O Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 contempla, na súa Base 17.2, a posibilidade de que os concellos poidan solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación, a posibilidade de solicitar motivadamente, por parte dos Concellos, a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos dos distintos programas, con anterioridade á data límite de vencemento de cada programa.

Segundo o recollido na Base 18.7 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 “a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2021, a conta xustificativa”.

Na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, establecece que “Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación”. O que debe aplicarse, por analoxía, para os supostos de solicitude de cambios de actividades/actuacións, sendo o órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan a Xunta de Goberno

Así mesmo, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no seu artigo 172 dispón expresamente que “os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas”.

Conclusiones

Por todo o exposto, visto o informe de Intervención, de data 28 de outubro de 2020, no que se recolle que dito cambio no supón modificación orzamentaria informase favorablemente destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros”, por importe de 16.000,00 € á execución da actuación “Feira do turismo de Samos” que se encadra dentro do “Programa de actuacións/eventos turísticos” do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, sempre que supoñan gastos correntes en actividades de turismo e non conste informe de Intervención no que se poña de manifesto que dito cambio supón modificación orzamentaria.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en Dereito.”

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Estimar, en base ao establecido na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, a solicitude remitida polo Alcalde do Concello de Samos de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros”, por importe de 16.000,00 € á execución da actuación “Feira do turismo de Samos” que se encadra dentro do “Programa de actuacións/eventos turísticos” do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.-PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Excm. Deputación Provincial de Lugo a UGT Lugo – Lemos e Costa Lucense para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Actividade a desenvolver en materia de asesoramento a persoas afectadas por ERTE e persoas desempregadas” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a UGT Lugo – Lemos e costa lucense, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación consistente en “Actividade a desenvolver en materia de asesoramento a persoas afectadas por ERTE e persoas desempregadas”, polo importe de 19.997,50 €, co pagamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir,

9.998,75 €, con dispensa de garantía, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Certificado do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2020.

Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do Convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.1.c: Fomento da Promoción Económica e Social da provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do PES (2020 -2022) aprobado por resolución de Presidencia, do 2 de abril de 2020, xa que na mesma se recollen os obxectivos de impulsar a promoción de emprego estable e de calidade no territorio, potenciando mecanismos de apoio a actuacións encamiñadas á mellora da empregabilidade e ao fomento do emprego na provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das

Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2020, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Actividade a desenvolver en materia de asesoramento a persoas afectadas por ERTE e persoas desempregadas”. O obxecto que se persegue é a mellora da empregabilidade, a loita contra a precarización do mercado laboral, a promoción do emprego e a orientación laboral como instrumento cruce para reducir a taxa de desemprego no mercado de traballo da nosa provincia.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Que se aprobe a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 19.997,50 €, a favor de UGT Lugo – Lemos e costa lucense, para sufragar os gastos derivados da actuación “Actividade a desenvolver en materia de asesoramento a persoas afectadas por ERTE e persoas desempregadas”, na anualidade 2020, subvención incluída na liña 4.1.c: Fomento da Promoción Económica e Social da provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratégico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que se aprobe o gasto polo importe total de 19.997,50 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2410.489.11 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020 a favor de UGT Lugo – Lemos e costa lucense, para sufragar os gastos derivados da actuación “Actividade a desenvolver en materia de asesoramento a persoas afectadas por ERTE e persoas desempregadas” na anualidade 2020.

3º.- Que se aprobe o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional plurianual outorgada pola Excmá Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Criadores de Raza Porco Celta – ASOPORCEL para colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto “Plan de fomento da produtividade, competitividade e rendibilidade nas granxas de porco celta” nas anualidades 2020 e 2021.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Criadores Raza Porco Celta – ASOPORCEL co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Plan Fomento de Produtividade, Competitividade e Rendibilidade nas Granxas do Porco Celta”, nas anualidades 2020 e 2021, polo importe total de 79.800 €, (39.900 € para 2020 e 39.900 € para 2021), constan, entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe da Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente de concorrencia das razóns que habilitan á utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención.

Declaración xurada do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Excmá. Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.1.c das recollidas, para a Área de Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, no Plan Estratéxico de Subvencións 2020 - 2022 (PES), e que leva por título “Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo”, aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020, recolléndose na mesma os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión da subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é o de fomentar o desenvolvemento e a competitividade empresarial durante os anos 2020 e 2021, a través da Asociación de Criadores Raza Porco Celta – ASOPORCEL, colaborando economicamente ca actuación “Plan Fomento de Produtividade, Competitividade e Rendibilidade nas Granxas do Porco Celta”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 79.800 €, a favor da entidade Asociación de Criadores Raza Porco Celta – ASOPORCEL, para sufragar os gastos derivados da actuación “Plan Fomento de Produtividade, Competitividade e Rendibilidade nas Granxas do Porco Celta”, nas anualidades 2020 e 2021, subvención incluída na liña 4.1.c - Fomento da Promoción Económica e Social da

Provincia de Lugo, pertencente á Área funcional de Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Anualidade 2020: 39.900 €.

Anualidade 2021: 39.900 €.

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 79.800 €, que se desagrega en 39.900 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410.489.11 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2020, a favor da Asociación de Criadores Raza Porco Celta – ASOPORCEL, para sufragar os gastos derivados da actuación “Plan Fomento de Produtividade, Competitividade e Rendibilidade nas Granxas do Porco Celta”, e para a anualidade 2021 por importe de 39.900 €, adoptando o compromiso de dotar no Orzamento Xeral do exercicio 2021 a citada contía, quedando supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro coa finalidade común de colaborar na adquisición de bombas de recirculación de auga para piscina municipal; adecuación de inmovible para uso de centro de día e elaboración de proxecto de construción de vivendas na localidade de Ferreira de Valadouro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución dos fins común de adquisición de bombas de recirculación de auga para piscina municipal; adecuación de inmovible para uso de centro de día e elaboración de proxecto de construción de vivendas na localidade de ferreira de Valadouro, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de O Valadouro con número de expediente no GTM: 2020/PES_03/017327, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7GS3Y2BVRKZTVDDVV54FYRAF4.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7GS3Y2HX7Y5TZPCIESNYBP74.

Borrador convenio, con CSV: IV7GS3Y2BRN2LSO7CBWFAZ7QOE.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de adquisición de bombas de recirculación de auga para piscina municipal; adecuación de inmovible para uso de centro de día e elaboración de proxecto de

construción de vivendas na localidade de ferreira de Valadouro, con un orzamento total de 116.888,24 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 113.888,24 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Modificación terceira do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e Mondoñedo para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora de viais. Ano 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación terceira ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Mondoñedo, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora de viais. Ano 2019, que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 27/12/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora de viais. Ano 2019. Dito convenio foi modificado por Resolución da Presidencia de data 20/05/2020, sendo asinada dita addenda de

modificación o 04/06/2020, e por acordo da Xunta de Goberno de data 12/06/2020 sendo asinada o 31/07/2020.

O convenio interadministrativo, e addendas asinadas entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo recolle os investimentos seguintes:

“[.....]

INVESTIMENTO	IMPORTE
AGLOMERADO DE PISTAS EN CESURAS E CURUXEIRAS.	86.077,82
MELLORAS EN CURVA SAN PEDRO E CAMIÑOS CABANA E VILAR	25.532,75
AMPLIACIÓN VIAL DENDE LU-124 A BARRIO “O COUTO DE OUTEIRO”	38.065,56
IMPORTE TOTAL	149.676,13 €

[.....]”.

Don Manuel Angel Otero Legide, Alcalde do Concello de Mondoñedo achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 23/10/2020, a través do que manifesta que se produciron uns remanentes na adxudicación de dous investimentos, e que necesidades sobrevidas no camiño de Cabana, téndose que solucionar problemas no firme, levaron á necesidade de modificar as obras, polo que solicita que se modifique a memoria de Melloras en varios camiños (curva San Pedro e camiños Cabana e Vilar), e permitir ao concello utilizar os remanentes das outras licitacións para cofinanciar a devandita obra, de xeito que quedarían:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
AGLOMERADO DE PISTAS EN CESURAS E CURUXEIRAS.	82.445,33€	--	82.445,33€
MELLORAS EN CURVA SAN PEDRO E CAMIÑOS CABANA E VILAR (MODIFICADO)	29.250,80€	5.823,64€	35.074,44€
AMPLIACIÓN VIAL DENDE LU-124 A BARRIO “O COUTO DE OUTEIRO”	37.980,00€	--	37.980,00€
IMPORTE TOTAL	149.676,13 €	5.823,64 €	155.499,77 €

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e

deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”(…).

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (…).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos

gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...).”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada

en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de mellorar as infraestruturas viarias indicadas.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Mondoñedo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos, d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: a) alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallos”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”.

En canto á mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Mondoñedo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber

de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O concello de Mondoñedo será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece

que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de forma que as actuacións incluídas no convenio queden do seguinte xeito:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
AGLOMERADO DE PISTAS EN CÉSURAS E CURUXEIRAS.	82.445,33€	--	82.445,33€
MELLORAS EN CURVA SAN PEDRO E CAMIÑOS CABANA E VILAR (MODIFICADO)	29.250,80€	5.823,64€	35.074,44€
AMPLIACIÓN VIAL DENDE LU-124 A BARRIO "O COUTO DE OUTEIRO"	37.980,00€	--	37.980,00€
IMPORTE TOTAL	149.676,13 €	5.823,64 €	155.499,77 €

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación terceira do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente .

Por todo o exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación dos importes dos investimentos do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Mondoñedo coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora de viais. Ano 2019, incluído a modificación da memoria e que se recolle en addenda ao convenio, quedando do seguinte xeito:

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
AGLOMERADO DE PISTAS EN CESURAS E CURUXEIRAS.	82.445,33€	--	82.445,33€
MELLORAS EN CURVA SAN PEDRO E CAMIÑOS CABANA E VILAR (MODIFICADO)	29.250,80€	5.823,64€	35.074,44€
AMPLIACIÓN VIAL DENDE LU-124 A BARRIO "O COUTO DE OUTEIRO"	37.980,00€	--	37.980,00€
IMPORTE TOTAL	149.676,13 €	5.823,64 €	155.499,77 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 27/10/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041076023	31/07/2020	24/09/2020	2020/3097	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de 227.920 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías. 2020/FAC_01/002510	71.703,63 €
TOTAL						71.703,63 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro de Facturas.

Dilixencia do Parque Móbil, de data 28/09/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e o prezo, e na que consta a conformidade da Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 20/10/2020, polo representante de Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 28/09/2020, explicitando as razóns polas que se incumriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento de data 01/10/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia, de data 20/10/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 15/10/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura que seguidamente se relaciona:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.	0041076023	31-07-2020	71.703,63 €	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de 227.920 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías. 2020/FAC_01/002510	9201.210	92020/5864
SUMA			71.703,63 €			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Servizo do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 71.703,63 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu

caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 6 de outubro do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A.	0041076023	31/07/20	71.703,63	9201.210
SUMA			71.703,63	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 6 de outubro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Dado que rematou o contrato ca empresa Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A. para subministro de emulsión asfáltica para o Parque Móbil o pasado 5 de febreiro, estando xa en

trámite un novo contrato, ademais da necesidade urxente do subministro para a reparación das vías, e que no caso de non realizarse o dito subministro, os equipos de rego deste Parque Móbil se verían obrigados a parar, con todo o que elo conleva, procede a validación da factura.

O período do aludido subministro foi xullo de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 71.703,63 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto proponse:

O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial en data 6 de outubro de 2020 e o aboamento da factura 0041076023.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en

semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor,

unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará á aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2020, e xustificado por analogía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Repsol Lubricantes y Especialidades,S.A.	0041076023	31/07/2020	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de 227.920 kgs. de emulsión asfáltica para a reparación de vías.	71.703,63 €
TOTAL				71.703,63 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación das prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Repsol Lubricantes y Especialidades, S.A.:

Nº 0041076023 de data 31/07/2020, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de 227.920 kgs. De emulsión asfáltica para a reparación de vías, dun importe total de 71.703,63 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Doval Maquinaria, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 27/10/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(..)

Trasládóronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Doval Maquinaria, S.L.	V20 462	15/07/2020	21/08/2020	2020/2721	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de pezas para reparar a rotativa da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/002139	160,98 €
Doval Maquinaria, S.L.	V20 509	31/07/2020	21/08/2020	2020/2722	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de pezas para a pala da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/002140	611,07 €
TOTAL						772,05 €

Visto que consta:

As propias facturas con entrada no Rexistro de Facturas.

Dilixencia do Parque Móbil para cada unha das facturas, de data 13/09/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e cos prezos, na que consta a conformidade da Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 24/09/2020, polo representante de Doval Maquinaria, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 11/09/2020, para cada unha das facturas relacionadas, explicitando as razóns polas que se incumriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas polo Adxunto ao Xefe do Parque Móbil.

Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento de data 29/09/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 20/10/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 15/10/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas da empresa Doval Maquinaria, S.L., que seguidamente se relacionan:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
V20 462	15/07/2020	133,04 € B.I. + 27,94 € IVE DEDUCIBLE	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de pezas para reparar a rotativa da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/002139	4120.213	92020/5359
V20 509	31/07/2020	505,02 € B.I. + 106,05 € IVE DEDUCIBLE	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de pezas para a pala da Granxa Gayoso Castro. 2020/FAC_01/002140	4120.213	92020/5366
SUMA		772,05 €			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 772,05 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 30 de setembro do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
DOVAL MAQUINARIA, S.L.	V20 462	15/07/20	160,98	4120.213
DOVAL MAQUINARIA, S.L.	V20 509	31/07/20	611,07	4120.213
SUMA			772,05	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 30 de setembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación da maquinaria da Granxa Gaioso Castro, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi xullo de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 772,05 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto proponse:

O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial en data 30 de setembro de 2020 e o aboamento das facturas V20 462 e V20 509.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en

semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación

naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analogía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministro, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Doval Maquinaria, S.L.	V20 462	15/07/2020	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de pezas para reparar a rotativa da Granxa Gayoso Castro.	160,98 €
Doval Maquinaria, S.L.	V20 509	31/07/2020	Subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de pezas para a pala da Granxa Gayoso Castro.	611,07 €
TOTAL				772,05 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Doval Maquinaria, S.L., por un importe total de 772,05 €:

Nº V20 462 de data 15/07/2020, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de pezas para reparar a rotativa da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 160,98 €.

Nº V20 509 de data 31/07/2020, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de xullo do 2020, de pezas para a pala da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 611,07 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Lucuscar, S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 28/10/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REGISTRO XERAL		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Lucuscar, S.L.	T 1900700	28/11/2019	03/12/2019	2019RPE026687	Mantemento dun vehículo do Parque Móbil (substitución de buxías), realizado no mes de novembro do 2019. 2020/FAC_01/000207	256,12 €
TOTAL						256,12 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro Xeral, e con dilixencia do Parque Móbil, de data 13/12/2019, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coa cantidade e co prezo, e conformada pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 25/05/2020, polo representante de Lucuscar, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 13/12/2019, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.

Informe do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil, de data 02/04/2020, no que se dí que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 07/04/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 10/04/2020, no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia, no saldo de vinculación da aplicación orzamentaria 19/9201.214, polo importe total da factura.

Resolución da Presidencia de data 21/10/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 16/10/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Lucuscar, S.L., por reparación do vehículo matrícula 9713GSC, do Parque Móbil, que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
T1900700	28/11/19	256,12	9201.207	92020/2327
SUMA		256,12		

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe de Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 256,12 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicable en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril,

polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 15 de abril de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
LUCUSCAR, S.L.	T1900700	28/11/19	256,12	9201.207
SUMA			256,12	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 15 de abril de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil en Servizos Oficiais, así como que o servizo era urxente para poder seguir traballando co vehículo 9713-GSC en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi novembro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 256,12 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo crédito dispoñible no exercicio de procedencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2019, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Lucuscar, S.L.	T 1900700	28/11/2019	Mantemento dun vehículo do Parque Móbil (substitución de buxías), realizado no mes de novembro do 2019.	256,12 €
TOTAL				256,12 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Lucuscar, S.L.:

Nº T 1900700 de data 28/11/2019, correspondente ó mantemento dun vehículo do Parque Móbil (substitución de buxías), realizado no mes de novembro do 2019, dun importe total de 256,12 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Comercial Cordero Fernández, S.L..*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 28/10/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládóronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO XERAL		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Comercial Cordero Fernández, S.L.	N-000875	10/09/2019	16/09/2019	19.813	Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019, de líquido para limpar o alquitrán de vehículos e maquinaria. 2020/FAC_01/000456	261,36 €
Comercial Cordero Fernández, S.L.	N-000966	30/09/2019	03/10/2019	20.924	Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019, de anticongelante para vehículos. 2020/FAC_01/000461	304,77 €
TOTAL						566,13 €

Visto que consta:

As propias facturas con entrada no Rexistro Xeral e con dilixencia do Parque Móbil (de data 18/09/2019 no caso da factura Nº N-000875 e de data 10/10/2019 no caso da factura Nº N-000966), de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e o prezo, e conformadas pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 31/03/2020, polo representante de Comercial Cordero Fernández, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Informe do Parque Móbil de data 19/10/2020, no que se dí que se achega a última declaración responsable presentada por Comercial Cordero Fernández, S.L., de data 31/03/2020, non sendo posible aportar outra de data posterior, debido ao cese de actividade de dita empresa.

Memoria xustificativa de data 13/03/2020 para cada unha das facturas relacionadas, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas dende o Parque Móbil.

Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento de data 24/04/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas de data 27/04/2020, para cada unha das facturas, nos que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/9201.22110 polo importe total da factura Nº N-000875, e á aplicación orzamentaria 19/9201.22111 polo importe total da factura Nº N-000966.

Resolución da Presidencia de data 21/10/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 16/10/2020 sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas da empresa Comercial Cordero Fernández, S.L., que seguidamente se relacionan:

FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
N-000875 EXPDT. 2020/FAC_01/000456	10/09/19	261,36	Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019 de líquido para limpar o alquitrán de vehículos e maquinaria.	9201.22110	92020/2557
N-000966 EXPDT. 2020/FAC_01/000461	30/09/19	304,77	Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019, de anticonxelante para vehículos.	9201.22111	92020/2558
SUMA		566,13			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 566,13 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe

pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 28 de abril de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Comercial Cordero Fernández, S.L.	N-000875	10/09/19	261,36	9201.22110
Comercial Cordero Fernández, S.L.	N-000966	30/09/19	304,77	9201.22111
SUMA			566,13	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 28 de abril de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi setembro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 566,13 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo crédito dispoñible no exercicio de procedencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Comercial Cordero Fernández, S.L.	N-000875	10/09/2019	Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019, de líquido para limpar o alquitrán de vehículos e maquinaria.	261,36 €
Comercial Cordero Fernández, S.L.	N-000966	30/09/2019	Subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019, de anticongelante para vehículos.	304,77 €
TOTAL				566,13 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Comercial Cordero Fernández, S.L., por un importe total de 566,13 €:

Nº N-000875 de data 10/09/2019, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019, de líquido para limpar o alquitrán de vehículos e maquinaria, dun importe total de 261,36 €.

Nº N-000966 de data 30/09/2019, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de setembro do 2019, de anticonxelante para vehículos, dun importe total de 304,77 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Gasóleos Fortaleza S.L.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 21/10/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, a factura polo concepto e importe que de seguido se detalla:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
2020/20/000270	27/02/2020	530,60€	Subministración de Gasóleo C no Museo Etnográfico do Pazo de Tor en Monforte de Lemos GTM 2020/FAC_01/001331	3332.22103	92020/2439
TOTAL		530,60€			

Visto que consta:

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020, e xustificados por analogía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA	APLICACIÓN	ADO	IMPORTE
Carlos A. Suárez Fernández	C2927 GTM 2020/FAC- 01/001452	16/12/2019	4120.22799	92020/3262	1.925,00€
TOTAL					1.925,00€

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento da seguinte factura emitida por Carlos A. Suárez Fernández, por un importe total de 1.925,00 €:

Nº C-2927 de data 16/12/2019, co número de expediente GTM 2020/FAC_01/001152, correspondente a servizos veterinarios reprodutivos realizados ós animais da Granxa Gayoso Castro dun importe total de 1.925,00 €.

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Vistos os Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratista adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-3103 “Lindín (LU-124)- Santa María Maior-LU-124 e ramal ao Campo de Castro”, PQ 7+385 ao 8+185. MONDOÑEDO.

Contratista: Ovisa Pavimentos, S.L.

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-4102 “Ferreira (N-120A)- Currelos (LU-611)” 3+780 al 6+158. PANTÓN.

Contratista: Ovisa Pavimentos, S.L.

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-1802 “Chantada (N-540)- Sabadelle- Encoro Belesar”, P.K. 5+000 al 6+050. CHANTADA.

Contratista: Fevisa Vías y Obras, S.L.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/039.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/039, correspondente á sociedade civil Carballo Vilabella, S.C. (Triacastela), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 3,02 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.510,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Carballo Vilabella, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil Carballo Vilabella, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/039, destinada á

“Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.510,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/042.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/042, correspondente á sociedade Granxa Xustás S.L. (Cospeito), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 3,25 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.625,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade Granxa Xustás S.L., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 2,8690 Has, o que supón un 88,28% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade Granxa Xustás S.L., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/042, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.434,50 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/044.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/044, correspondente a Valeriya Vyshnevetska (Vilalba), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,22 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.110,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Valeriya Vyshnevetska, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 1,7027 Ha que supón un 76,70 % da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de

cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Valeriya Vyshnevetska, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/044, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 851,35 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/077.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/077, correspondente á sociedade limitada Recría Castro S.L. (Castro de Rei), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 18,00 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 9.000,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade limitada Recría Castro S.L., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade limitada Recría Castro S.L., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/077, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 9.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/088.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/088, correspondente a Miguel Ángel Pena Vázquez (Begonte), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,29 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 645,00 €, incluída no Programa de apoio

ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Miguel Ángel Pena Vázquez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Miguel Ángel Pena Vázquez, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/088, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 645,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/091.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/091, correspondente á sociedade Pérez López TCEA (Lugo), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,6740 Has, concedéndolle a José Pérez López e Sonia López Andrade todos eles formando a sociedade “Pérez López TCEA” unha subvención por importe de 418,50 € a cada un dos socios, por participar co 50%, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade Pérez López TCEA, presentou en forma e fora de prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de José Pérez López e Sonia López Andrade todos eles formando a sociedade Pérez López TCEA, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/091, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 418,50 € a cada un dos socios, por participar co 50%, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE ENTIDADES BENEFICIARIAS DA MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 26 de xuño de 2020 aprobouse en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30 de xuño de 2020 no BOP número 148.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos de cada unha das medidas agrúpanse do seguinte xeito:

“(…)

Fomento da empregabilidade

Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(…)

Fomento da cultura emprendedora

Recolle a Medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e a Medida 8.2.3.4 “ Tu empleo en el rural” aumentar o emprendemento das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación como vía de acceso ao mercado laboral a través de 4 bolsas (2 para cada medida) de axudas económicas para a alta da actividade económica segundo algunha das modalidades previstas e que se atopen situadas nalgún dos concellos relacionados no Anexo I. Dúas bolsas de axudas por cada medida, sendo a contía o 75% do SMI vixente durante 12 meses.

(...)”

Considerando que con data 18 de setembro de 2020 a Deputación de Lugo aprobou a relación definitiva de empresas beneficiarias e excluídos da Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, sendo publicado con data 19 de setembro de 2020 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 216. Dentro da listaxe de empresas beneficiarias atópanse:

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
2020/PCA_01/000002	José Antonio Ferreiro Palacio	O CORGO	Peón Ganadeiro	5.700,00 €
2020/PCA_01/000010	Treilan SC	O PÁRAMO	Peón Agrario	5.700,00 €

Considerando que data 19 e 22 de outubro de 2020, Treilan SC e José Antonio Ferreiro Palacio respectivamente, presentan escrito de renuncia a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo (achégase renunciacións). Estas preséntanse antes de ter recibido cantidade en concepto de subvención.

Considerando ó anteriormente exposto, de acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións así como coas Bases do Programa Prende ! Bota Raíces No Rural, propónse a esta Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aceptar a renuncia das seguintes empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural” dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural:

EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
2020/PCA_01/000002	José Antonio Ferreiro Palacio	O Corgo	Peón Gandeiro	5.700,00 €
2020/PCA_01/000010	Treilan SC	O Páramo	Peón Agrario	5.700,00 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE NOMEAMENTO PARA OCUPAR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A- SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Celebrado o procedemento selectivo para prover a praza número828 denominada Técnico/a de Administración Xeral- Axente de emprego e desenvolvemento local, da escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á OEP para o ano 2017, cuxas base xerais s fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia núm. 241, de 20 de outubro de 2017 e a Convocatoria e Bases Específicas no BOP N° 39, de 15 de febreiro de 2019;

Vista a proposta do tribunal cualificador, visto que a aspirante presentou a documentación á que se refire o punto 13.1 das bases xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na respectiva convocatoria, esta Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, atendendo á proposta do tribunal cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno, que en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.b).1 do Regramento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 3.09.2020), acorde:

1º.- Resolver o procedemento selectivo de forma definitiva, nomeando a Dona María del Carmen Lage Fernández para ocupar a praza número 828 denominada Técnico/a de Administración Xeral- Axente de emprego e desenvolvemento local, da escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á OEP para o ano 2017.

2º.- Asignarlle a Dona María del Carmen Lage Fernández o posto denominado Técnico/a de Administración Xeral- Axente de emprego e desenvolvemento local número 1255 asociado a praza que se sinala no apartado 1º.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA DE TRABALLADORES DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN.

Primeira.- Proposta de xubilación forzosa, por cumprimento da idade legal establecida, dunha guía do cadro de persoal funcionario.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona Francisca Abuín Villar, Guía do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo que ocupa o posto de Guía Experto, cumpre 65 anos o día 29 de novembro de 2020.

Tendo en conta que Dona Francisca Abuín Villar terá recoñecidos 40 anos, 10 meses e 29 días de servizos prestados o día 29 de novembro de 2020, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2020	37 anos ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses

[...].”.

Á vista do sinalado e tendo presente que Dona Francisca Abuín Villar terá acreditado, á data do 29 de novembro de 2020, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e non tendo solicitada a prolongación no servizo.

Por todo elo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, da funcionaria provincial, Dona Francisca Abuín Villar, con efectividade do día 29 de novembro de 2020, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segunda.- *Proposta de xubilación forzosa, por cumprimento da idade legal establecida, dunha administrativa de administración xeral do cadro de persoal funcionario.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona M^a Isabel Pérez Soilán, Administrativa de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo, cumpre 65 anos o día 13 de novembro de 2020.

Tendo en conta que Dona M^a Isabel Pérez Soilán terá recoñecidos 42 anos, 11 meses e 20 días de servizos prestados o día 13 de novembro de 2020, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que preveña as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2020	37 anos ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses

[...].”

Tendo en conta o sinalado, vistos os informes dos servizos, e tendo presente que Dona M^a Isabel Pérez Soilán terá acreditado, á data do 13 de novembro de 2020, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e non tendo solicitada a prolongación no servizo.

Por todo elo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, da funcionaria provincial, Dona M^a Isabel Pérez Soilán, con efectividade do día 13 de novembro de 2020 , derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA DUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Jesús González López, Auxiliar de Sala, funcionario interino, suposto artigo 10.1.a) do EBEP “Existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, cumpre 65 anos o día 12 de novembro de 2020.

Tendo en conta que D. Jesús González López terá recoñecidos 8 anos, 3 meses e 16 días de servizos prestados, de servizos prestados o día 12 de novembro de 2020, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e que o citado traballador non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.

b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”

O vixente Acordo Marco Único para Persoal Funcionario (BOP- 31-01-1991), establece no seus artigos 1 e 50.

Artigo 1: Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación da normativa contida no presente Acordo Marco, afecta ao seguinte persoal da Deputación Provincial de Lugo:

1.1.b) Funcionarios Interinos e eventuais, excepto en aqueles puntos que non lles sexan de aplicación.

(...)

Artigo 50.1

A Xubilación forzosa do persoal funcionario declarase de oficio ao cumprir o funcionario os 65 anos de idade, conforme ao disposto na Lei 30/1984, de 2 de agosto.

(...)”

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2020	37 anos ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos	65 anos e 10 meses

[...].”

Por todo elo, vistos os informes dos servizos e tendo presente que D. Jesús González López terá acreditado, á data do 12 de novembro de 2020, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, de D. Jesús González López, Auxiliar de Sala, funcionario interino, con efectividade do día 12 de novembro de 2020 , derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA EXTINCIÓN DO CONTRATO LABORAL DUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Francisco Rodríguez Fernández, Maquinista do Cadro de Persoal Laboral, que ocupa o posto de Responsable II Maquinaria Granxa adscrito á Granxa Provincial, viña

prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal dende o 26 de abril de 2019.

Por Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS de data 16 de outubro de 2020, foille recoñecida a D. Francisco Rodríguez Fernández a prestación de Incapacidade Permanente no Grao de Total, con efectos económicos do día 29 de setembro de 2020.

Resultando que D. Francisco Rodríguez Fernández, Maquinista do Cadro de Persoal Laboral, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal.

Consideracións de dereito

O artigo 194 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta”.

A Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS establece literalmente que: “(...)

“Que a prestación de Incapacidade Permanente ten data de efectos económicos 29-09-2020 (...).”.

Considerando que o artigo 49.1.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (en adiante, ET), establece que o contrato de traballo extinguirase, entre outras causas, por “(...) incapacidade permanente total ou absoluta do traballador sen prexuízo do disposto no artigo 48.2”.

A este respecto, o artigo 48.2 do ET dispón: “No suposto de incapacidade temporal, producida a extinción desta situación con declaración de invalidez permanente nos graos de incapacidade permanente total para a profesión habitual, absoluta para todo traballo ou grande invalidez, cando, a xuízo do órgano de cualificación, a situación de incapacidade do traballador

vaia ser previsiblemente obxecto de revisión por melloría que permita a súa reincorporación ao posto de traballo, subsistirá a suspensión da relación laboral, con reserva do posto de traballo, durante un período de dous anos a contar desde a data da resolución pola que se declare a invalidez permanente.”

Segundo o disposto no artigo 48.2 e dado que a Dirección Provincial de Lugo do INSS (órgano de cualificación da incapacidade) non fai constar que proceda a revisión por melloría que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos, enténdese que procede a extinción da relación laboral, sen reserva de posto de traballo.

Por todo elo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a extinción da relación contractual desta Entidade con D. Francisco Rodríguez Fernández, dende o día 29 de setembro de 2020, data na que lle foi recoñecida a situación de Incapacidade Permanente Total, sendo o derradeiro día de traballo o día 28 de setembro de 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROLONGACIÓN NO SERVIZO ACTIVO DUNHA TRABALLADORA DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Dona María de los Ángeles González Machado, Veterinaria do Cadro de Persoal Funcionario, dende o día 1 de setembro de 2011 (con recoñecemento de servizos previos dende o 28 de agosto de 1999), nacida o 2 de xuño de 1953, presentou instancia, rexistrada o día 21 de agosto de 2020 co número 11.181, no que solicita continuar coa prolongación da permanencia

no servizo activo, por un ano máis, para poder alcanzar un maior número de anos cotizados e da contía da pensión.

Á vista do contido da solicitude que formula, sobre a prolongación da permanencia no servizo activo despois de cumprir os 65 anos, compre ter en conta o acordado na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Lugo, o 14 de novembro do 2013, que culminou un proceso de negociación cun Acordo sobre condicións de traballo do persoal funcionario e laboral da Entidade en materia de xubilación.

En canto ao procedemento, en materia de xubilación do persoal funcionario e laboral da Entidade, segundo se estableceu no citado Acordo, a tramitación de solicitudes de prolongación de permanencia no servizo activo tras alcanzar a idade de xubilación ordinaria, farase de conformidade á normativa derivada da Lei de Emprego Público de Galicia (Lei 2/2015, de 29 de abril, DOGA nº 82, de 4 de maio de 2015).

Tendo presente o disposto na lexislación xeral aplicable e o previsto no texto do precitado Acordo da MXN, sobre a xubilación, cabe sinalar os seguinte aspectos relevantes:

a) A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

b) A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando o persoal funcionario ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de Seguridade Social para ter dereito á pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

c) A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

d) Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante ao ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Considerando que os resultados dos últimos períodos de avaliación son positivos.

En relación á asistencia ao traballo e absentismo, segundo consta nos rexistros do Sistema de control horario e de presenza, cabe referir que se ten producido un cumprimento da xornada positivo.

Á vista de canto antecede, vistos os informes dos servizos, tendo en conta que a solicitude foi presentada dentro do prazo establecido; e que, segundo consta no seu expediente persoal, existe un cumprimento axeitado en materia de desempeño e absentismo; e a que, conforme aos datos de carreira de cotización para a continxencia de xubilacións que acredita a solicitante, tería unha mingua porcentual significativa na base reguladora da súa pensión, e que a solicitude está conformada polo Xefe do Servizo e do deputado delegado de Medio Ambiente, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo:

Accedendo á pretensión da funcionaria, Dona M^a de los Ángeles González Machado, de prolongar a permanencia no servizo activo, dende o 2 de decembro de 2020 ata o 1 de decembro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.